

# Licenzas de obra menor

**Este tipo de licenza implica a autorización municipal para a realización de obras que supoñan:**

## Descrición

- 1) Reforma de locais e vivendas, sempre que non supoñan cambios na súa estrutura ou fachada.
- 2) Instalación de rótulos, toldos, marquesiñas, valos publicitarios, guindastres.
- 3) Peches de parcela.
- 4) Construcións auxiliares ( menores de 40 m2)
- 5) Movementos de terra

## Documentación necesaria

Documentación que deben achegar as solicitudes de licenza para obras menores e outras actuacións urbanísticas, segundo o tipo de solicitude:

### En todos os casos:

- 1) Plano de situación da cartografía municipal (escala 1:2000), marcando a parcela.
- 2) O plano pode recollerse nas oficinas xerais do Concello. Urbanismo.
- 3) Fotocopia do documento de identidade do solicitante. No caso de actuar en representación, fotocopia dos documentos de identidade do representante e o solicitante, coa autorización escrita deste último ou copia de poder para representalo.
- 4) Para construcións auxiliares é preciso presentar escritura de propiedade da finca onde se vai situar a edificación.

## O cidadán debe saber

A solicitude debe presentarse en modelo normalizado.

## Prezo

- TAXA POLA LICENZA: 0,2% do orzamento da obra
- ICO: 2,8 % do custo de execución material da construción, instalación ou obra.

## Solicítase e preséntase

### Oficinas municipais: Rexistro Xeral

Rúa Oriente, nº 11 – 1ª Planta  
36880 A CAÑIZA (Pontevedra)

## Formularios. Cómpre imprimilos e cubrilos por duplicado.

- [Modelo de solicitudes de obras menores](#) ( *ver modelo en sección de [trámites](#)*)